



RECOÑECIMENTO NACIONAL Á CONSULTA DE ENFERMARÍA DE ESTOMATERAPIA DO HOSPITAL ÁLVARO CUNQUEIRO

- *A Sociedad Española de Enfermería Experta en Estomaterapia (SEDE) reconece o Labor de Humanización realizado por esta consulta de enfermaría*
- *O premio pon en valor a humanización na atención aos e ás pacientes, enfocada cara ao seu benestar, o apoio ás súas familias e o que tamén reciben as cuidadoras e cuidadores de pacientes*
- *Esta consulta está levada por dúas enfermeiras especializadas*

Vigo, 30 de abril de 2024. A Consulta de Enfermaría de Estomaterapia do Hospital Álvaro Cunqueiro acaba de ser recoñecida polo seu Labor de Humanización pola *Sociedad Española de Enfermería Experta en Estomaterapia (SEDE)* no seu último congreso nacional. Este recoñecemento, supón a evidencia e a posta en valor do traballo desenvolvido polas profesionais ao fronte desta consulta; as enfermeiras estomaterapeutas María José Fabeiro e Olga Casares.



María José Fabeiro (esquerda) e Olga Casares, co recoñecemento recentemente outorgado por SEDE

O premio é outorgado soamente a aquelas consultas ou servizos do territorio nacional que superan un amplo grao de cumprimento do disposto na Guía de Boas Prácticas elaborada pola SEDE, que pon no centro destas directrices de traballo a humanización na atención aos, e ás, pacientes, enfocados cara ao seu benestar e o apoio ás súas familias, así como á axuda que reciben as cuidadoras e cuidadores de pacientes.



Así mesmo, este recoñecemento ten en conta tamén a calidade das infraestruturas que posúen estas consultas e o espazo dedicado aos servizos que se desenvolve nel, para que, conxuntamente, se ofrezca unha atención optimizada.

Transversalidade

Esta Consulta traballa conxuntamente con outros Servizos da Área Sanitaria, especialmente con Cirurxía Xeral, Uroloxía e Oncoloxía, dado que son responsables da maioría das ostomías que se practican, aínda que o seu labor esténdese ata os Cuidados Paliativos e á atención hospitalaria a domicilio (HADO). O seu traballo comeza xa desde o momento no que unha persoa é susceptible de ser ostomizada, ofrecéndolle información e acompañándoa dende ese instante ao longo da súa vida.

Como di unha das súas responsables, María José Fabeiro: "Somos un servizo no que, cando unha, ou un, paciente nos pregunta se lle podemos dar a *alta*, dicímoslle que non hai tal *alta*, xa que pode ter un vínculo permanente con nós. Polo feito de ter pasado por esta consulta -continúa a enfermeira-, tanto a, ou o, paciente e a súa familia ten ao seu dispor un teléfono directo e unha caixa de correo electrónico que pode empregar en calquera momento. Así mesmo, independentemente das consultas xa concertadas que tivera, pode solicitar unha consulta urxente mediante unha cita previa directamente a este teléfono para atenderlle coa máxima celeridade".

"A situación -continúa María José Fabeiro-, é por no eixo central da Consulta ao, e á, paciente e manter un contacto permanente e fluído cos restantes Servizos", finalizou a enfermeira.

Tanto Casares como Fabeiro posúen a formación necesaria e actualizada en Estomaterapia para a xestión e a atención desta Consulta, aínda que María José Fabeiro posúe ademais un master específico, que agora tamén está realizando Olga Casares.

Ostomía

A ostomía é unha operación que se realiza facendo unha apertura dende o interior do corpo cara o exterior, colocando unha bolsa para recoller feces e ouriños. A ostomía é máis común en homes que en mulleres (un 65%, no caso de homes fronte un 35%, en caso das mulleres).

A estomaterapia é o conxunto de técnicas, cuidados e procedementos que se levan adiante cun, ou cunha, paciente que foi obxecto dunha osteomía.

Ao longo do último ano, acudiron á Consulta de Enfermaría de Estomaterapia do Hospital Álvaro Cunqueiro máis de 1.500 pacientes, aos que hai que engadir unhas 500 actuacións e



SERVIZO
GALEGO
DE SAÚDE

ÁREA SANITARIA DE VIGO

outras tantas consultas sobrevividas, polo que a cifra en 2023 sitúase preto dos 2.500 pacientes.